

Homenaxe ao poeta Manuel Oreste Rodríguez López

O seu monótono treimar noutrora
invitaba a ruar e ó parrafeo.
Que só e abandonado fica agora!

Do seu libro Onte e hoxe vivencial

É o día do río
na hora dos peixes.

No aire, nubes sonámbulas,
sombras chinesas, gravan suaves ondas.
É a nube esa meixela que acariña o lombo mol dos musgos,
a que acouga a súa pel vaporosa no atardecer das augas,
esa pel que viste ás fadas e habita o soño,
a que rouba as augas coas súas linguas de fonte
e os seus dedos delicadamente fríos mollan os arrosos,
a que percorre as vértebras das canles, pedra a pedra, limo a limo
co seu bicar calmo e antigo, de húmidos beizos,
e preñada ascende para diluir o aire e descender
cara á terra xenerativa .

Río decorado de escamas tremelucientes.
Ceo exquisitamente flamexado
con seus incendios lentos de amenceres lánguidos
e os seus ferruxinosos e oxidados ocasos.

En Paradela o río esmorécese,
a súa vea implacable esmigállase en fervenzas
con estreitas láminas de prata.
Eses filamentos de máxico brancor
debuxan mapas siderais, líquidos astrolabios.
Magnéticas pingas resgan o verde dos fentos
e asperxen delgadísimos cristais
con ocultas lecturas reflectidas
que o pasado sementa para o presente,
onde se ata o tempo coa razón exacta do poeta
que mide co corazón o peso dunha pinga de coñecemento.
Porque este poeta, Manuel, viu a través das augas o remanso
onde acougan as palabras a súa revelación
e elixiu a pegada negra do símbolo no guarismo do peixe
para encher a seca densidade do infinito.

Tan mozo e xa eses ollos vían
no deletreo das pedras, molladas por alvéolos de osíxeno,
pictogramas, runas,
a sabiduría que a natureza derrama
a quén sabe mirar detrás das súas pestanas.

E alí, Manuel, mergullaba coa súa man o zigzag dun verso,
e na hora do día, cando os peixes durmen,
no seu peto aleteaba un poema, sereno, cálido,
tan delgado como o pincel do horizonte
e tan firme como un pensamento
que volaba e vola sobre as augas e atópase inscrito no firmamento.

Rafael Catoira Rey

23 decembro 2015